PARLAMENTO DE GALICIA

ACTIVIDADE TRATAMENTO:

22. PROCESOS SELECTIVOS E PROVISIÓN DE POSTOS

RESPONSABLE

Parlamento de Galicia. **http:// www.parlamentodegalicia.gal**

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión:

pdcp@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, Dª María Aneiros González

Dirección postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: **dpd@parlamentodegalicia.gal**

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Cumprimento de obrigas legais ou dunha misión realizada no exercicio de poderes públicos (art. 6.1.b., c., e. do RXPD).

Estatuto do Persoal do Parlamento de Galicia.

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

PARLAMENTO DE GALICIA

FINS

Xestionar os distintos procedementos relacionados con procesos selectivos e oposicións para o ingreso coma persoal funcionario e laboral no Parlamento de Galicia.

Xestión dos sistemas de provisión de postos, con carácter definitivo (concursos e libres designacións) ou con carácter provisional (comisións de servicios, etc). Mobilidade.

CATEGORÍAS DE INTERESADOS

As persoas aspirantes de procesos de selección de persoal convocados polo Parlamento de Galicia. Persoas que formen parte ou asesoren ao Tribunal cualificador ou á Comisión de selección, así coma persoal colaborador do mesmo.

As persoas participantes nos sistemas de provisión de postos do Parlamento de Galicia. Persoas que formen parte ou asesoren á Comisión ou ao órgano competente.

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais: Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, dirección, teléfono, DNI/NIF, pasaporte ou calquera documento acreditativo de identidade, número da Seguridade Social, sinatura, enderezo electrónico.

Datos de características persoais: datos de estado civil, datos de familia, data de nacemento, lugar de nacemento, idade, sexo e nacionalidade.

Datos de detalles profesionais: Currículo, titulacións, experiencia, no caso de ser precisos segundo base proceso selectivo. No caso dos sistemas de provisión de postos, tamén o/s Título/s de funcionario/ laboral e datos da situación administrativa/laboral.

Datos económicos: Nos procesos selectivos, os datos bancarios (polo ingreso e, de ser o caso, devolución de taxas dos aspirantes). E os datos bancarios e tributarios do Tribunal/comisión.

Categorías especiais de datos: datos sobre o grao de discapacidade.

DESTINATARIOS

Non está prevista a cesión de datos. Darase publicidade, segundo o previsto nas bases das convocatorias, a relación de persoas aspirantes e o posto que ocupan nas distintas probas do procedemento selectivo. Non están previstas transferencias internacionais de datos.

Cómpre a cesión de datos á AEAT do Tribunal/Comisión polo aboado.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideran derivarse de dita finalidade e do tratamento dos datos.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguranza.

Responsable de seguridade TIC: Oficialia Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

Procedementos e sistemas de seguridade: conforme ao disposto na normativa interna de aplicación: “Política de Seguridade da Información do Parlamento de Galicia”.